



PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DO ÓRGANO INSTRUTOR COAS PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS E ORDE DE PRELACIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS PARA A CONCESIÓN DE DÚAS BOLSAS DE FORMACIÓN PRÁCTICA NA ÁREA DE ESTUDOS E INVESTIGACIÓN DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA OS ANOS 2025 A 2027 (TU981C)

O 14 de maio de 2025 publicouse no Diario Oficial de Galicia a RESOLUCIÓN do 02 de maio de 2025 pola que se regulan as bases para a concesión de dúas bolsas de formación práctica na Área de Estudos e Investigación da Axencia de Turismo de Galicia.

Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes o órgano instrutor do procedemento aprobou e publicou o 07 de xullo de 2025 na páxina web da Axencia de Turismo de acordo co artigo 11.3 das bases da convocatoria a listaxe definitiva de persoas admitidas e a data para a realización da proba de coñecementos.

Para a bolsa no ámbito da Ciencia de datos non se presentou ningunha das persoas solicitantes polo que as ditas persoas non acadaron a puntuación mínima requirida e non continuaron no procedemento. Deste xeito esta bolsa queda deserta.

A Comisión de Valoración convocou as persoas candidatas que acadaron a puntuación mínima requirida á realización da entrevista coa publicación na web da Axencia de Turismo do lugar e data da celebración da entrevista o 24 de xullo de 2025.

O día 30 de xullo de 2025 o órgano instrutor das bolsas de formación na Área de Estudos e Investigación fixo público na páxina web de Turismo de Galicia o cadro de persoas aspirantes admitidas coas puntuacións totais obtidas nas diferentes probas outorgando un prazo de 10 días hábiles para que as persoas interesadas puidesen formular alegacións.

Finalizado o prazo de alegacións e ao non ter recibido ningunha reclamación das persoas candidatas, a dirección de Competitividade de Turismo de Galicia como órgano instrutor do procedemento, de conformidade co artigo 12.1 da Resolución do 02 de maio de 2025 (Diario Oficial de Galicia núm.91, do 14 de maio de 2025),

PROPÓN:

1. A bolsa na Área de Estudos e Investigación, Ámbito da ciencia de datos queda deserta xa que non houbo solicitantes que acadaran a puntuación mínima requirida na proba de coñecementos e polo tanto non puideron continuar no procedemento.
2. A Francisco Javier Paz Cervantes con DNI ***6369** e cunha puntuación total de 64,29 puntos beneficiario da bolsa na Área de Estudos e Investigación, Ámbito da comunicación de datos turísticos (Anexo I).

[Estrada Santiago Noia, km 3 \(A Barcia\)](#)

[15897 Santiago de Compostela](#)

turismo.gal





3. A data prevista de incorporación das persoas beneficiarias o 01 de outubro de 2025.
4. Aprobar a orde de prelación e a puntuación definitiva obtida polas persoas admitidas no proceso de selección no Ámbito da comunicación de datos turísticos (Anexo II).

Segundo a información que obra en poder deste órgano instructor despréndese que a persoa proposta como beneficiaria así como a persoa suplente cumpren con todos os requisitos previstos na convocatoria para acceder ás bolsas coa duración e dotación económica establecida nas bases reguladoras e posta de manifesto nos cadros dos anexos.

O órgano instructor.

O Director de Competitividade de Turismo de Galicia

Iván Meléndez Medela





Anexol

Proposta da persoa candidata beneficiaria da bolsa:

					DURACIÓN 24 MESES						
					2025		2026		2027		
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL	MENSUALIDADES	SS	MENSUALIDADES	SS	MENSUALIDADES	SS	IMPORTE TOTAL
Francisco Javier	Paz	Cervantes	***6369**	64,29	3.747,60 €	191,04 €	14.990,40 €	764,16 €	11.242,80 €	573,12 €	31.509,12 €

Anexo II

Orde de prelación das persoas candidatas admitidas:
Ámbito da comunicación de datos turísticos

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI	Proba coñecementos	Méritos	Entrevista persoal	PUNTUACIÓN TOTAL
Andrea	Rey	Castro	***4362**	6,80	12,65	18	37,45